



# ALICIA DENTRO DO ESPELLO

xandra táboas martínez



# **ALICIA DENTRO DO ESPELLO**

xandra táboas martínez  
V premio “a pegada do microdrama” 2018 ESAD-galicia  
- gravidade 0.0 -  
636631966  
@gravidade0.0  
gravidade.escena.0.0@gmail.com





partitura a catro voces multiplicadas, xustapostas, desarticuladas



O silencio.

Un silencio oco, escuro, fragmentado.

E Alicia.

Unha burbulla densa a piques de estalar.



I

E o tempo non se detén, segue o seu curso no bater dos segundos sen perder o compás.

Escóitalo, Alicia? Escóitalo vibrar?

Párate e escoita.

Escóitalo agora? Pinga a pinga, enchendo vasos da memoria.

E a memoria ten ás, corre e detense coma refachos no medio da noite.

- Ola?

E ri travesa alá no fondo do espello.

- Hai alguén aí?

Hai alguén aí?, hai alguén aí?, hai alguén aí?... -, un eco que se perde e afoga no baleiro.

- ...

- Ola?... Ola!

Corre e detense, e pousa o riso nos pés.

- Ola, chámome Alicia. E ti como te chamas?

E ti como te chamas?, e ti como te chamas?, e ti como te chamas?...

- ...

- Ola?

E volta outra vez, trazando isoglosas e coordenadas na vertixe do tempo.

- Ola!

- A-LI-CIA

Aí a está, soprándote na orella! Atrápaa! Bule, que se escapa!

- Agarda!

Non sabes que se corres tralas pombas, érguense asustadas?

E ela ri, ri e ri rota en mil fragmentos de voz.

- Alicia...

- Ola?

- Alicia...

- Hai alguén aí?

A dereita. A esquerda. Rindo fronte a ti! Escóitala, Alicia?

Párate e escoita.

Escóitala agora? Alá, no fondo! Corre, Alicia, corre!, antes de que pase o tren e se perda no medio da nada.

...

“Alicia, SEMPRE TARDE, Alicia”



“Alicia?... ALICIA!”

Alicia! Érguete, Alicia!

“Alicia, TORPE, Alicia”

“Torpe!, Torpe!!, Torpe!!!”

[burlón un coro de a unha por tres fóra de tempo]

“Alicia! ONDE ESTÁS?”

- Aquí!

“Onde, Alicia, ONDE?”

- Aquí! Estou aquí!

- Alicia! -, dende o fondo do espello.

- Ola?

- Alicia!...

- E ti como te chamas?

- Alicia, onde estás? ...

- Aquí!

- Onde, Alicia, onde?

- E ti onde estás?

- Aquí, Alicia, Aquí!

- Onde?

- Aquí, detrás de ti!

- Ola?

- ...

“Alicia, SEMPRE TARDE, Alicia”

“Tarde!, Tarde!!, Tarde!!!”

E ri e corre travesa trazando isoglosas e coordenadas, unha e outra vez...

- Alicia, onde estás?, Alicia, onde estás?, Alicia, onde estás?...

- Ola?

- E ti onde estás? E ti onde estás? E ti onde estás?...

- Aquí!...

- Alicia, onde estás?, Alicia, onde estás?, Alicia, onde estás?...

- Aquí! ... Non me oes?

- Onde, Alicia, onde...?

- Onde pasou o tren!

- Onde?

- Aquí!

- Aquí?

- Non, á dereita!

- Aquí?

- Non, más aquí...

- Onde, Alicia?...

- Aquí!... Aquí!

- Onde?

“NON SABES ONDE ESTÁS, ALICIA?”

- Estou aquí!

- Aquí, onde?!

- E ti onde estás?

Non a oes correr? Escoita, Alicia, escoita!

Párate e escoita.

A dereita. A esquerda. Arriba. Abaixo... rindo fronte a ti.

- Aquí, non me oes?

- E onde é aquí?

- Alicia, aquí é aquí!

E aquí. E aquí.

E aquí.

Flash!



### III

Estás cansa, pequena Alicia? Érguete, Alicia!

- E ti como te chamas?

“OUTRA VEZ DURMIDA, ALICIA?”

“Alicia está durmida, Alicia está durmida, Alicia está durmida...”

[a corro e in crescendo]

- Non estou durmida.

“Alicia está durmida, Alicia está durmida, Alicia está durmida...”

“OUTRA VEZ DURMIDA, ALICIA?”

- Non estou durmida

“Alicia está durmida, Alicia está durmida, Alicia está durmida...”

[e volta e volta e outra volta más]

“OUTRA VEZ DURMIDA, ALICIA?!”

- Non estou durmida!...

“OUTRA VEZ DURMIDA, ALICIA?!!”

- Non estou durmida!!

- Alicia!... Alicia!

E a corda ténsase e os bonecos accionan de a pouco nunha vibrante de metal orquestrada polo tempo. Escóitalo, Alicia? Escóitalo agora? Pinga a pinga, éñchese o vaso

e déixaste arrastrar sumidoiro abaixo.



A mecánica do espazo.

Todo movemento xera vibración, prolóngase no espazo e no tempo.

O silencio.

A vibrante cero, a quietude do aire retido nunha burbulla de cristal.

Quizais sexa ríxido, compacto, apagado. Quizais tenso, fráxil, dramático.

Quizais só o pallaso dos pratos e a bailarina de tule branco sexan quen de escoitar o silencio unha décima de segundo despois da derradeira volta de corda.

- Estás cansa, Alicia?

- Non quero xogar máis. Quero irme!

- Irte?

- Non me gusta este lugar!

- Non te gusta este lugar.

- Non, non me gusta. Estou cansa! Quero espertar!

- Espertar?

- Espertar, si, espertar!

- Espertar de que?!

“NON SABES ONDE ESTÁS, ALICIA!”

[un bisbeo]

- Onde estou?

- Estás aquí!

- E que lugar é aquí?

- Aquí é aquí!

- Aquí é aquí e alá e no outro lado. Todo é aquí! Estou farta!

- Podes marchar cando queiras.

“Alicia ten medo, Alicia ten medo, Alicia ten medo...”

[achegándose de vagar, a corro]

- Non teño medo

“Alicia ten medo, Alicia ten medo, Alicia ten medo...”

[in crescendo, unha volta e volta e outra volta máis]- Non teño medo...

- Alicia

- Non teño medo!... Non teño medo!!...

- Alicia!...

- Non teño medo!!!

- Alicia!!... Alicia!!!

- Quero saír!!

- ...

- ...

- E que te retén?

- ...

- Podes marchar cando queiras.

“OUTRA VEZ DURMIDA, ALICIA?”

[dende moi lonxe, achegándose devagar]

- ...

“Alicia está durmida, Alicia está durmida, Alicia está durmida...”

[respirándolle na orella, in crescendo]

“TORPE, ALICIA!”

“Alicia está durmida, Alicia está durmida, Alicia está durmida...”

[unha volta...]

- Berrar, Alicia!

“TORPE!!”

“Alicia está durmida, Alicia está durmida, Alicia está durmida...”

[e outra volta...]

“OUTRA VEZ DURMIDA, ALICIA?!”

- Non estou durmida

“Alicia está durmida, Alicia está durmida, Alicia está durmida...”

[e outra...]

“TORPE, ALICIA!, TORPE, ALICIA!!”

[moi preto]

- Berrar!!

- Non estou durmida!

TORPE!!!”

“Alicia está durmida, Alicia está durmida, Alicia está durmida...”

[e outra volta más]

“OUTRA VEZ DURMIDA, ALICIA?!!”

- Non estou durmida...

“DURMIDA!, DURMIDA!!, DURMIDA!!!...”

[e volta e volta e volta...]

“OUTRA VEZ DURMIDA, ALICIA?!!!”

- Non estou durmida... Non estou durmida!...

“DURMIDA!, DURMIDA!!, DURMIDA!!!...”

“OUTRA VEZ DURMIDA, ALICIA?!!!!”

[xa aquí]

- Non estou durmida!!...

“DURMIDA!, DURMIDA!!, DURMIDA!!!...”

- BERRAR, Alicia!

“TORPE, ALICIA!!!”

- Non estou durmida!!!!... Non estou durmida!!!!...

“TORPE, ALICIA!!!!”

- BERRAR!!

- NON ESTOU DURMIDA

“TORPE!!”

- NON ESTOU DRUMIDA!

“TORPE!”

- NON ESTOU DURMIDA!!

“TORPE...”

- NON ESTOU DURMIDA!!!

- Ola?... Hai alguén aí?

